

PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO

Celia Brañas

O papel determinante que exercen a ciencia e a tecnoloxía no desenvolvemento económico e o benestar social dun país son a día de hoxe indiscutibles.

Por iso, comunicar a ciencia á sociedade galega, facendo partícipe á cidadanía dos achados científicos e tecnolóxicos e/ou as súas aplicacións, así como tamén os casos de transferencia de coñecemento ás empresas galegas, convértese nunha prioridade para que ese papel dominante do coñecemento implique a todas/os as galegas e os galegos.

Sabemos que os medios de comunicación poden contribuír dun xeito decisivo a acadar este obxectivo e que, polo tanto, procede estimular e recoñecer as actividades de comunicación da ciencia e da tecnoloxía entre as/os profesionais do xornalismo dos medios de comunicación galegos.

Por estes motivos, a **Real Academia Galega de Ciencias (RAGC)**, coa colaboración da Xunta de Galicia a través da **Axencia Galega de Innovación**, convoca a décima edición do **Premio de Xornalismo Científico Celia Brañas**, de acordo coas seguintes bases:

1- CARACTERÍSTICAS DA PROPOSTA:

A proposta debe consistir nunha peza xornalística de carácter informativo en formato escrito ou audiovisual **publicada ou emitida entre o 1 de maio de 2024 e o 14 de abril de 2025 en calquera medio galego** (ou edición galega dun medio estatal): diarios dixitais ou en papel, radio ou televisión.

Debe responder aos xéneros da **noticia, a crónica ou a reportaxe** (quedando excluídos expresamente as entrevistas e os artigos).

Poderá ter como tema principal **calquera aspecto relacionado coa ciencia desenvolvida en Galicia** (achados, difusión do labor de grupos ou centros de investigación, posibles aplicacións dos resultados da investigación, casos de éxito de transferencia de resultados ao mercado, etc).

2- DOTACIÓN:

A dotación do premio será de **3.500 €** netos e irá acompañada dun diploma acreditativo (no caso de ser un equipo, entregarase un diploma a cada un dos seus membros).

A maiores, concederase un accésit de **1.500 €** ao segundo traballo mellor valorado, xunto á entrega dun diploma acreditativo.

3- QUEN PODE CONCORRER:

Poderá concorrer a este premio **calquera xornalista a título individual ou en equipo**, que desenvolva a súa actividade en medios de comunicación de Galicia ou en edicións galegas de medios estatais.

Establécese un **límite de tres traballos presentados por persoa** (xa sexa de xeito individual ou en equipo). En caso de recibir máis propostas procedentes dunha mesma candidatura, só serán valoradas polo xurado as tres primeiras por orde de recepción.



RAGC / REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



XUNTA
DE GALICIA

PREMIO DE XORNALISMO CIENTÍFICO

Celia Brañas

4- PROCESO E PRESENTACIÓN:

A participación será tramitada de xeito telemático a través dun **formulario electrónico** dispoñible nas webs da Real Academia Galega de Ciencias (ragc.gal) e da Axencia Galega de Innovación (gain.xunta.gal) **a partir do 15 de abril de 2025**, data na que se abre o prazo de recepción de traballos.

5- PRAZO DE PRESENTACIÓN:

O prazo para presentar traballos rematará ás **15:00 horas do 15 de maio de 2025**.

6- XURADO:

O xurado estará presidido polo Presidente da RAGC ou a persoa na que delegue e contará con catro vogalías, dúas designadas por GAIN e outras dúas designadas pola RAGC, entre as que haberá **profesionais de recoñecido prestixio** relacionadas/os cos ámbitos da comunicación e da divulgación científica.

7- OUTRAS OBSERVACIÓNS:

A entrega do premio terá lugar nun acto académico público da RAGC, cuxa data de celebración se comunicará oportunamente.

A/as persoa/as gañadora/as do premio autoriza/n expresamente á Real Academia Galega de Ciencias a publicar e divulgar os seus nomes e os contidos das súas propostas a partir do momento de facerse público o fallo. Aplicaranse aos premios as retencións que, de ser o caso, estean previstas na vixente norma tributaria. O importe neto ao que se refire o punto 2 da convocatoria é o importe a percibir, unha vez feita a correspondente retención.

O feito de concursar supón a aceptación das presentes bases e serán excluídos as/os candidatas/os que non se axusten ás mesmas.



RAGC / REAL ACADEMIA
GALEGA DE CIENCIAS



XUNTA
DE GALICIA